

MILFORD GRAVES FULL MANTIS

[Jake Meginsky & Neil Young, 2018]

ESTREA EN NUMAX: 14.09.2017 | V.O.S.E.

Milford Graves Full Mantis (2018, 97')

Dirección: Jake Meginsky, Neil Young

Guión: Milford Graves, Jake Meginsky

Participación: Milford Graves

Montaxe: Milford Graves, Jake Meginsky

Son: Ernst Karel

Música: Milford Graves

Fotografía: Neil Young

Produtoras: Mantis Film (Estados Unidos)

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA

Ghost of Silence, 2014

Whisky Time, un portrait

de Charlemagne Palestine, 2014

Hommage au sauvage:

Un portrait d'Henri Pousseur, 2005

PREMIOS E FESTIVAIS

Sarasota 2018 (Mellor filme), Oak Cliff 2018

(Mellor documental)

SINOPSE

Milford Graves Full Mantis é o retrato filmado do famoso percusionista Milford Graves, que explora a súa caleidoscópica e inesgotábel creatividade. Graves actuou internacionalmente desde 1964, tanto como solista como en conxuntos con lendas como Albert Ayler, Giuseppe Logan e Sonny Sharrock. É un pioneiro fundador do jazz de vangarda e segue a ser unha das figuras vivas máis influentes da evolución da forma. O filme conduce o espectador a través do xardín exuberante e a ornamentada casa do artista, o espazo para as artes marciais do seu patio traseiro e o laboratorio no seu soto, todo isto a poucas mazás de onde medrou no proxecto de vivendas de *South Jamaica* en Queens.

«Un pequeno tesouro para os fans do avant-garde. Mesmo para os espectadores que non teñan ouvido falar del, é unha rareza marabillosa»

John DeFore, THE HOLLYWOOD REPORTER



WOS CINEMA X NUMAX 2018

434



Patrocina:

GADIS

PASES ÚNICOS

THE PUBLIC IMAGE IS ROTTEN

Tabbert Fiiller, 2017

12.09.2018 | 20:15 | V.O.S.E.

EL RUIDO SON LAS CASAS

Luciana Foglio & Luján Montes, 2018

13.09.2016 | 20:30 | V.O.

MILFORD GRAVES FULL MANTIS

Jake Meginsky & Neil Young, 2018

14.09-2016 | 17:45 | V.O.S.E.

NUMAX



NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

THE PUBLIC IMAGE IS ROTTEN

[Tabbert Fiiller, 2017]

ESTREA EN NUMAX: 12.09.2017 | V.O.S.E.

The Public Image is Rotten (2017, 103')

Dirección: Tabbert Fiiller

Guión: Tabbert Fiiller

Participación: John Lydon, Martin Atkins, Jah Wobble, Don Letts, Flea, Vivien Goldman

Son: Pablo Betancourt

Montaxe: Eric Pritchard

Fotografía: Yamit Shimonovitz

Música: Dave Wilder

Produtoras: Tyler Brodie, Tabbert Fiiller, Hunter Gray,

Phaedon A. Papadopoulos (Estados Unidos)

Formato de proxección: DCP

Idioma orixinal: Inglés

«Documental especializado ben elaborado que pode ser a crónica definitiva sobre unha banda»

Owen Gleiberman, VARIETY

SINOPSE

Public Image Ltd (PiL) foi o grupo que John Lyndon (Johnny Rotten) formou ao finalizar The Sex Pistols en 1978, logo dunha decisiva viaxe a Xamaica. Máis ca unha banda de rock, PiL é unha corporación que leva experimentando coa música e a súa representación nos medios durante máis de 30 anos, cheos de altibaixos artísticos e persoais. *The Public Image is Rotten* é o retrato do comezo do post-punk en Inglaterra, composto por un inmenso material de arquivo filmico e memoria dos que o viviron. John Lyndon e os numerosos membros de PiL abren os seus corazóns para lembrar, insultar e reflexionar sobre as súas tres décadas de traxectoria.

EL RUIDO SON LAS CASAS

[Luciana Foglio & Luján Montes, 2018]

ESTREA EN NUMAX: 13.09.2018 | V.O.

El ruido son las casas (2018, 63')

Dirección: Luciana Foglio, Luján Montes

Guión: Luciana Foglio, Luján Montes

Son: Luciana Foglio, Facundo Gómez, Martín Scaglia

Fotografía: Gustavo Esnaola Moro, Luciana Foglio, Luján Montes

Produtoras: Luciana Foglio, Anibal Garisto,

Luján Montes (Arxentina)

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Español

FILMOGRAFÍA

Teoría de cuerdas, 2011 [VV.AA.]

PREMIOS E FESTIVAIS

BAFICI 2018 (Vanguardia y Género), FID Marseille 2018 (Mención especial Primeiros filmes), Cámara Lúcida Encuentros Cinematográficos (Non ficción)

SINOPSE

El ruido son las casas é un filme sobre a creación de música experimental en Buenos Aires. Influenciados pola contorna urbana, distintos artistas improvisan efémeras pezas sonoras que oscilan entre a música e o que comunmente se considera ruído. Para isto, perverten o uso de instrumentos tradicionais e constrúen dispositivos únicos. O filme recolle o devir do proceso de creación en tempo presente e propón unha viaxe polos estados emocionais que o son revela en nós.

«Unha proposta extrema, realmente de vangarda»

Nicolás Kusmin, OTROS CINES

